

Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

11. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN E REUTILIZACIÓN DE DATOS DO CONCELLO DE FERROL E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.- Examinada a proposta que eleva o Concelleiro delegado de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística, que textualmente di: "A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno constitúe un paso máis no afianzamento da transparencia e a participación coma dous principios fundamentais da Administración moderna.

A disposición final novena do citado texto normativo establece que: "*Os órganos das Comunidades Autónomas e Entidades Locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigas contidas nesta Lei*".

O citado prazo rematou o pasado 10 de novembro de 2015.

Por este motivo o Concello de Ferrol debe dotarse dunha ordenanza municipal de transparencia, acceso á información e reutilización de datos que teña como obxectivos principais por un lado garantir a transparencia na actuación e actividade do Concello e as entidades que compoñan o sector público municipal, así como o libre acceso a súa información pública establecendo os medios precisos para tal fin, que serán preferentemente electrónicos, en aplicación e desenvolvemento da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e por outro lado a denominada transparencia colaborativa, regulando o réxime de reutilización da información pública consonte ao establecido na normativa vixente nesta materia, particularmente na Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Por todo o anterior e en uso da potestade atribuída ao Concello en virtude do disposto no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte ao procedemento establecido no artigo 49 do citado texto normativo propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de transparencia, acceso á información e reutilización de datos do Concello de Ferrol que se acompaña a esta proposta.

Segundo.- Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para a presentación de

reclamacións e suxestións consonte ao previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do acordo de aprobación inicial da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia. O texto íntegro da ordenanza poderase consultar durante este período no Taboleiro de Anuncios do Concello, no Negociado de Participación Cidadá e na páxina web municipal www.ferrol.es.

No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso do Pleno, e no dito caso, procederase á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tralo que entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da referida Lei.”

Previa deliberación a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, a 2 de marzo de 2016.

Vº e Pr
ALCALDE

